



A PGA transmitiulle ao *Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino* o seu rexeitamento á sementeira de millo transxénico prevista para este ano nos concellos de Arzúa, Santa Uxía de Ribeira, Mesía, Vilalba e Chantada.

Compostela 26 xaneiro 09. Perante das concesións feitas públicas polo *Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural y Marino* (MARMA) para a sementeira de millo transxénico nos concellos de Arzúa, Santa Uxía de Ribeira, Mesía, Vilalba e Chantada (declarado Zona Libre de Transxénicos – ZLT), a Plataforma Galega Antitransxénicos transmitiu o pasado venres 23, baixo a fórmula “comentarios”* **habilitada por devandita institución como único procedemento de participación cidadá posíbel, o rexeitamento manifesto da cidadanía galega perante do cultivo de organismos modificados xenéticamente (OMX’s) na Galiza.**

Ademais de enviar os requerimentos ao enderezo electrónico proposto polo MARMA, os “comentarios” **suscritos de xeito unitario pola PGA, así coma os apresentados por colectivos membros a título individual** (SLG, Amigos da Terra, ADEGA) foron rexistrados tamén nas oficinas da Subdelegación do Goberno español na Galiza, habida conta de que o método de envío unicamente por correo electrónico non semella ser un procedemento que aporte garantías dabondo á hora de deixar constancia da nosa oposición perante de tan forte ataque contra a biodiversidade da Galiza e o risco que supón para a nosa saúde coma posíbeis consumidores/as.

En canto ás reaccións suscitadas nos concellos afectados, até o momento temos coñecemento da **intención de levar a cabo alegacións alomenos por parte do concello de Chantada.**

A **nivel estatal**, a Plataforma Galega Antitransxénicos ten constancia do rexistro de “comentarios” por parte de **Amigos de la Tierra, COAG, UAGA de Aragón, a Mesa por la Defensa de la Agricultura ecológica** (que inclúe os comités de certificación de agricultura ecolóxica de todo el Estado), a plataforma **Navarra contra los Transgénicos** e algúns grupos de **Ecologistas en Acción de Andalucía.**

A Plataforma Galega Antitransxénicos estase asesorando xurídicamente sobor do verdadeiro valor que o MARMA concede a estes “comentarios”, e denuncia a **marxinación á que se atopa sometida a sociedade civil ao respeito deste tipo de decisións, levadas a cabo de xeito unilateral por gobernos e empresas, na procura dunha transformación dos procesos de produción alimentares baseada na privatización total dos mesmos.**

As empresas transnacionais da alimentación que se benefician da concesión para sementar na Galiza organismos modificados xenéticamente (OMX's) para a súa comercialización son **Monsanto, Pioneer e Procace.**

* http://www.mma.es/portal/secciones/participacion_publica/calidad_contaminacion/liberac_procedimiento.htm

■ Obterán máis información contactando con:

Nome	Responsabilidade	Colectivo	Teléfono
Charo Sánchez Parga	Voceira	SLG	669651700
Fins Eirexas Santamaría	Voceiro	ADEGA	661993406
Analia Moares Lameiro	Voceira	Amigos da Terra	988374318 / 660310049

**COLECTIVOS INTEGRANTES DA PLATAFORMA GALEGA
ANTITRANSXÉNICOS**

- [A Esmorga](#)
- [A Gentalha do Pichel](#)
 - [A Xoaniña](#)
- [AC Caleidoskopio](#)
 - [ADEGA](#)
 - [ADENCO](#)
 - [APEGA](#)
- [Alternativas Nómadas](#)
 - [Amigos da Terra](#)
 - [Anacos da Cidade](#)
 - [Arrincadeira](#)
- [Asoc. Cultural Meiro](#)
 - [CRAEGA](#)
 - [Coto do Frade](#)
 - [Cova da Terra](#)
 - [Eirado](#)
 - [Ervá](#)
 - [FugaEmRede](#)
- [Fundación Sen Esquencer](#)
- [Info-Transxenicos Tui](#)
 - [O Grelo Verde](#)
- [Rede de Consumo Consciente](#)
 - [Saramaganta](#)
 - [Semente](#)
- [Sindicato Labrego Galego](#)
 - [Verdegaia](#)
- [Veterinarios Sen Fronteiras](#)

Zonas Libres de Transxénicos na Galiza:

- Lalín (Pontevedra)
- Silleda (Pontevedra)
- Irixo (Ourense)
- Chantada (Lugo)
- Val do Dubra
- Ames (Coruña)
- Negreira (Coruña)
- Riotorto (Lugo)
- Verín (Ourense)
- Forcarei (Pontevedra)